



ILMO. CONCELLO DE CALDAS DE REIS

C.I.F. P-3600500-G

Rúa Ferrería, 1 • 36650 CALDAS DE REIS

Teléfs. 986 540 002 / 110 /486

Fax 986 530 393

www.caldasdereis.com

e-mail: caldasdereis@concellos.depontevedra.es

1.2

REGULAMENTO DE VENDA AMBULANTE

(BOP 03-06-96)



CALDAS DE REIS

Bandeira Verde (Mención ORO)

Cidade Sostible 1999 - 2000 - 2001 - 2002- 2003



CALDAS DE REIS

Escoba de Prata 2002

Escoba de Ouro 2004



MIEMBRO NACIONAL OZ

Premio Derechos del niño@
a un medioambiente sano.
I Cert. 2001 - II Cert. 2002

Pliego de cargos

Hechos imputados: Posesión de géneros estancados, con incumplimiento de los requisitos establecidos por las leyes.

El día 16-1-96 le fueron aprehendidas a don José Antonio Simons Alvarez, 2.000 cajetillas de tabaco rubio de la marca "Winston", carentes de las precintas reglamentarias.

Los géneros han sido valorados a efectos del presente expediente, en 600.000 pesetas.

Máximas sanciones que pueden imponerse:

1.—Multa de hasta 3 veces el valor de los géneros aprehendidos: la sanción mínima nunca sería inferior, en todo caso, a 100.000 pesetas.

2.—Comiso de la mercancía aprehendida.

Suponen los hechos imputados una infracción tipificada en el caso d), del número 1 del art. 2 en relación con el 11 de la Ley Orgánica 12/95 de 12 de diciembre (BOE del 13), de Contrabando, sancionada en los art. 12 y 5 del citado texto legal.

Se le comunica que durante un plazo de quince días hábiles contados a partir del recibo de la presente notificación, tendrá de manifiesto el expediente en esta Aduana, para que en el indicado plazo, si lo estima oportuno, pueda presentar alegaciones y proponer o aportar las pruebas que interesen a la defensa de su derecho.—El Jefe de la Sección, Manuel Castro García. 6014

MINISTERIO DE OBRAS PUBLICAS, TRANSPORTES Y MEDIO AMBIENTE

CONFEDERACION HIDROGRAFICA DEL NORTE

COMISARIA DE AGUAS

ANUNCIO

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real Decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte, de fecha 12 de abril de 1996, y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a la Comunidad de Usuarios de Toxeira, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,14 l/sg. de agua procedente de manantiales en el monte "Seixos Albos" en Toxeira-Areas, término municipal de Tui (Pontevedra), con destino a usos domésticos y pecuarios.

Oviedo.—El Comisario de Aguas, Luis Galguera Alvarez. 5885

ANUNCIO

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real Decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte, de fecha 12 de abril de 1996, y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a la Comunidad de Regantes de Arrufana, la oportuna concesión para aprovechamiento de 3,98 l/sg. de agua procedentes de (3) manantiales en Arrufana, parroquia de Louredo, término municipal de Mos (Pontevedra), con destino a riego de 9,9725 has.

Oviedo.—El Comisario de Aguas, Luis Galguera Alvarez. 5883

AYUNTAMIENTOS

CALDAS DE REIS

ANUNCIO

Por non presentarse reclamacións nin suxerencias fronte a acordos do Pleno de data 24-11-95, relativos a:

- 1.—Regulamento sobre a venda ambulante.
- 2.—Regulamento Orgánico do Concello.
- 3.—Ordenanza fiscal reguladora do prezo público por postos, barracas, casetas de venda, espectáculos ou atraccións situadas en terreos de uso público e industrial rodantes e ambulantes e de rodaxe cinematográficas.

Quedan elevados a definitivos e publícanse os seus textos íntegros, segundo se transcriben:

REGULAMENTO DA VENDA AMBULANTE

Capítulo I

Disposicións Xerais

Artigo 1.—De conformidade co disposto nos artigos 74 e seguintes do Regulamento de Bens das Entidades Locais, Lei 10/1988 de 20 de Xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia e R.D. 1.010/1985 de 5 de xuño, a ocupación de bens de dominio público con postos dedicados á venda ambulante de artigos e obxectos para a comunidade veciñal está suxeta á previa e preceptiva licenzia municipal.

Artigo 2.—As licenzias solicitaráanse ante o Concello por escrito, o que acompañarase a documentación a que se refire o artigo 4º do presente Regulamento ou o compromiso de aportala no prazo de 10 días dende que se conceda provisionalmente a licenzia ó interesado.

A solicitude especificará a clase de licencia (entre as comprendidas no artigo 6º, a clase de artículo que se pón a venda, o lugar ou zona onde se vai vender e a clase e superficie do posto.

Artigo 3.—Poderán optar á concesión que se regula neste Regulamento todos os españois e extranxeiros que teñan plena capacidade xurídica e de obrar. Os extranxeiros haberán de acreditar como requisito ineludible, coa solicitude de licencia, que están en posesión do permiso de traballo por conta propia expedido pola autoridade competente.

Terán prioridade para a obtención da licencia, as persoas que sexan vendedores ambulantes e teñan a súa residencia habitual neste termo municipal. Teranse en conta ademais o grao de necesidade que demostrén ou acrediten, así como a antigüedad no exercicio da actividade neste concello. En situación de igualdade resolverase a adxudicación por sorteo.

Artigo 4.—Coa solicitude de licencia de venda ambulante os interesados deberán presentar:

- Declaración de alta no epígrafe ou epígrafes do Imposto de Actividades Económicas correspondente á actividade de que se trate.
- A documentación que acredite a concurrencia das condicións requiridas pola normativa sectorial específica do produto obxecto de venda, no seu caso.
- Declaración de alta no réxime de Traballadores Autónomos da Seguridade Social.
- Duas fotografías tamaño carnet.

Artigo 5.—Será preciso o dictamen da Comisión para determinar o grado de incidencia da ocupación e actividades solicitadas no uso común xeral do dominio público e a existencia de posibles perxuízos para os establecementos que se adiquen o comercio da mesma clase.

Capítulo II

Clasificación de licencias

Artigo 6.—As licencias clasifícanse en:

- Licencia para a venda de artigos de temporada, distribuídos por toda a cidade e con emplacements nas zonas ou lugares que se fixen en cada caso (venda de xelados, castañas, etc.).
- Licencia para a venda usual na vía pública, por prazo determinado e en puntos ou zonas previamente sinaladas (dulces, churros, etc.).
- Licencia temporal para o exercicio de servizos ou actividades (fotógrafos, afiadores, limpeza de calzado, etc.).
- Licencia temporal para a venda de obxectos de artesanía e adorno de pequeno tamaño, elaborados total ou parcialmente polos propios solicitantes e que non se despachen usualmente en establecementos fixos, en áreas elexidas

para a concentración de vendedores. Non poden incluír roupas nin produtos alimenticios. O módulo do posto é de 2 metros de longo por 1 de largura e ningún vendedor pode obter licencia para máis dun módulo, salvo que xustifique a necesidade de maior ocupación de espazo, caso no que pódese conceder excepcionalmente licencia para dous módulos.

- Licencias temporais para a venda de produtos de interese para a comunidade veciñal (roupa, zapatos, obxectos de barro, etc.), non sendo produtos alimenticios, e nas zonas previamente sinaladas pola Corporación. As prendas e produtos obxecto de venda deberán ter etiqueta de fabricante e o vendedor mostrará a factura de compra por requirimento das Autoridades ou Funcionarios municipais.
- Licencias temporais de venda de produtos alimenticios de interese para a comunidade veciñal, nas zonas previamente sinaladas pola Corporación.

Distinguense:

- Venda ambulante de produtos alimenticios realizada por maioristas ou minoristas.
- Venda ambulante de produtos alimenticios agrícolas, realizada polos propios produtores.

Para a venda de produtos alimenticios os interesados, xunto coa documentación sinalada no artigo 4º deberán aportar o carnet de manipulador de alimentos, e a concesión de licencia farase de acordo coa Lexislación vixente respecto a este tipo de produtos. O módulo nos postos de venda para as licencias de clase e) e f) será de 10 metros de longo por 2 metros de largura e ningún vendedor poderá obter licencia para máis de dous módulos, salvo que xustifique a necesidade de maior ocupación de espazo, caso no que pódese conceder excepcionalmente licencia para tres módulos, si as disponibilidades de espazo o permiten.

Artigo 7.—Todas as licencias son por prazo determinado e renovables unicamente por decisión municipal e por períodos de tempo iguais e sucesivos. Si o seu titular interrompe a actividade e ocupación para a que está autorizado por un tercio do período de vixencia da mesma, automaticamente prodúcese a súa caducidade.

Si o titular das actividades comprendidas no artigo 6º apartados e) e f) interrompe a actividade durante catro días consecutivos, automaticamente prodúcese a caducidade da licencia.

Artigo 8.—As licencias son intransmisibles e os seus titulares non poden vender máis que os produtos para os que están autorizados. Ninguén poderá ser titular de máis dunha licencia.

1.2/3

A infracción ó disposto neste artigo será sancionada coa perda da licenza.

Artigo 9.—O número de licencias para cada actividade será fixado pola Corporación en función dos espazos idóneos disponibles e das solicitudes presentadas, de acordo cos criterios sinalados no artigo 6º. O acordo sobre ampliación ou redución de zonas e puntos de emprazamento dos postos terá en conta as condicións mencionadas no artigo 5º.

Capítulo III

Uso de licencias

Artigo 10.—Unicamente otorgaranse licencias para a instalación de postos temporais de venda naquelas áreas da cidade determinadas polo acordo corporativo, tras o informe técnico e o das Entidades ou Asociacións representativas que sexan consultadas. Os citados informes non terán carácter vinculante.

Artigo 11.—A licenza municipal deberá expoñerse en lugar visible e estará a disposición dos funcionarios municipais competentes. No seu defecto, éstos poderán prohibir o exercicio da actividade e a ocupación.

Artigo 12.—Os postos de venda serán facilmente desmontables e a actividade e ocupación solamente poderá ter lugar nos días e horas sinalados pola Corporación Municipal na licenza correspondente.

Os postos de venda non poden situarse en accesos a edificios de uso público, establecementos comerciais ou industriais nin ante escaparates ou exposicións, nin en lugares que dificulten esos accesos á circulación peatonal.

Os vendedores ambulantes en mercadillos e mercados ocasionais ou periódicos deberán observar as normas de competencia leal e usos mercantiles e responder dos produtos que vendan de acordo coas leis e disposicións aplicables.

Capítulo IV

Sancións e revogación de licencias

Artículo 13.—O incumplimento das condicións ou a alteración do orden público polos titulares das licencias con ocasión do exercicio da súa actividade é sancionable con:

- a) Multa de ata 5.000 pesetas.
- b) Revogación da licenza e inhabilitación para a obtención dunha nova.

Artigo 14.—O exercicio de actividades ou a realización de ocupacións reguladas neste Regulamento sin ter a correspondente licenza municipal ou sen axustarse as súas condicións dará lugar, sin prexuício das sancións citadas no artigo anterior que sexan de aplicación, á retirada dos postos de venda ilegais e dos seus produtos.

Artigo 15.—As licencias quedarán sen efecto e perderán ser revogadas cando desaparezan as circunstancias subxectivas ou obxectivas que motivaron o seu otorgamento ou sobreveñan outras que, de existir cando se deron, xustificaran a súa denegación.

Capítulo V

Disposicións finais

Primeira.—O presente Regulamento rexe na totalidade do termo municipal de Caldas de Reis.

Segunda.—As tarifas aplicables pola concesión de licencias e ocupación de terreos ós que se refire o presente Regulamento rexeranse polo disposto na Ordenanza Municipal respectiva.

Terceira.—Este Regulamento entrará en vigor de acordo co disposto no artigo 70 da Ley 7/1985 de 2 de abril e posteriormente todos os vendedores terán un prazo de dous meses para presentar as solicitudes de licenza coa documentación esixida. Finalizado dito prazo, ninguén poderá exercer as actividades reguladas no mesmo, sen contar coa autorización ou licenza correspondente.

Anexo

Disposicións adicionais

Primeira.—Inicialmente a zona dedicada á actividade expresada no artigo 6º apartados e) e f) será a comprendida nas seguintes rúas:

- Rúa Real.
- Rúa Fermín García.
- Rúa Juan Fuentes.
- Campo da Torre.

Dentro desta zona delimitaranse espazos distintos para cada tipo de actividade (roupas, calzado, alimentación, etc.), e sinalarase unha orde de colocación correlativa.

Segunda.—Para as actividades sinaladas no artigo anterior, os días e horas nos que pode realizarse a venda serán tódolos luns, de 9 a 14 horas.

A montaxe dos postos pode iniciarse dende as 7 da mañá ata as 9 horas, en que haberán de estar todos montados, non podendo instalarse despois desta hora e a súa desmontaxe haberá de finalizar as 15 horas.

Terceira.—A zona ocupada polos postos deberá quedar en perfecto estado de limpeza unha vez recollidos os mesmos.

Cuarta.—A concesión e renovación ou prórroga de licencias farase por un ano natural e os solicitantes deben aboar o importe de tarifa por adiantado. O non efectualo é causa de revogación.

Quinta.—En todo o non previsto neste Regulamento estarase o disposto nas fontes normativas a que se refire o artigo 5º da Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local.